

CIG-Saúde Laboral

Boletín Nº 64

Nº 64 FEBREIRO 2026

CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

www.cigsaudelaboral.org

SUMARIO

A FONDO

**CATÁSTROFES E FENÓMENOS
METEOROLÓXICOS ADVERSOS**

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



**GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE
SAÚDE LABORAL-CIG**

SÍNTESE DE ACTIVIDADE 2025

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



Confederación Intersindical Galega

CATÁSTROFES

E FMA



MEDIDAS PREVENTIVAS

PLANS DE EMERXENCIA

CHECKLIST

Catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos

Ante os desafíos do cambio climático ou outro tipo de catástrofes, o [\(Real Decreto-lei 8/2024, do 28 de novembro\)](#) contempla **permisos remunerados de ata catro días que garantan a seguridade das persoas traballadoras no caso de que sufran risco grave e inminente**. Tamén establece a **obligatoriedade de que os convenios inclúan un protocolo de actuación** que recolla medidas de prevención de riscos especificamente referidas á actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos. A representación legal das persoas traballadoras conta, a partir de agora, cun **novo dereito de información das medidas de actuación previstas con motivo da activación de alertas por catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos** e, no seu caso, poderán parar a actividade.

En ningunha circunstancia as persoas traballadoras poderán sufrir prexuízo algún pola adopción de medidas encamiñadas a salvar a súa seguridade.

Aínda que estaba previsto que o Ministerio de Traballo e Economía Social elaborara, nun prazo máximo de 12 meses, un novo real decreto que aborde a protección das persoas traballadoras fronte aos efectos do cambio climático no ámbito laboral, a día de hoxe o mentado Real Decreto si-gue sen publicarse.

EN QUE CONSISTE O PERMISO CLIMÁTICO?

Modifícase o Estatuto dos Traballadores, engadindo unha nova letra g) ao artigo 37.3, quedando da seguinte forma:

“Ata catro días por imposibilidade de acceder ao centro de traballo ou transitar polas vías de circulación necesarias para acudir ao mesmo, como consecuencia das recomendacións, limitacións ou prohibicións ao desprazamento establecidas polas autoridades competentes, así como cando conorra unha situación de risco grave e inminente, incluídas as derivadas dunha catástrofe ou fenómeno meteorolóxico adverso”.

“Transcorridos os catro días, o permiso prolongarase ata que desaparezan as circunstancias que o xustificaron, sen prexuízo da posibilidade da empresa de aplicar unha suspensión do contrato de traballo ou unha redución de xornada derivada de forza maior nos termos previstos no artigo 47.6”.

“Cando a natureza da prestación laboral sexa compatible co traballo a distancia e o estado das redes de comunicación permita o seu desenvolvemento, a empresa poderá establecelo, observando o resto das obrigacións formais e materiais recollidas na [Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia](#), e, en particular, a subministración de medios, equipos e ferramentas adecuados.

É dicir, as persoas traballadoras dispoñerán de 4 días de permiso retribuído por imposibilidade de acudir ao centro de traballo, prorrogables ata que desaparezan as circunstancias que o provocaron. Se se dan as circunstancias para o teletraballo este establecerase, e as persoas traballadoras non poderán sufrir consecuencias pola adopción de calquera destas medidas.

AS EMPRESAS PODERÁN OPTAR POR UN ERTE DE FORZA MAIOR

Se transcorridos estes catro días, persisten as circunstancias da catástrofe ou do fenómeno meteorolóxico adverso, as empresas poderán activar un ERTE de forza maior. Por tanto, modifícase o artigo 47.6 do ET:

A forza maior temporal poderá estar determinada por impedimentos ou limitacións na actividade normalizada da empresa que sexan consecuencia de decisións adoptadas pola autoridade pública competente, incluídas aquelas orientadas á protección da saúde pública.

Tamén estará determinada polo mantemento, transcorridos os catro días previstos no artigo 37.3.g), da imposibilidade de acceder ao centro de traballo ou ás vías de circulación necesarias para acudir ao mesmo, salvo que sexa posible o traballo a distancia nos termos recollidos no devandito precepto.

Pola contra, as circunstancias do parágrafo anterior non serán constitutivas de forza maior durante a duración do permiso do artigo 37.3.g). Durante a mesma, só poderá xustificarse a forza maior en base a outras circunstancias, nese caso os efectos se retrotraerán ao momento do feito causante correspondente.

Será de aplicación o procedemento previsto para os expedientes por causa de forza maior temporal á que se refire o apartado anterior, coas seguintes particularidades:

a) A solicitude de informe por parte da autoridade laboral á Inspección de Traballo e Seguridade Social non será preceptiva.

b) A empresa deberá xustificar, na documentación remitida xunto coa solicitude, a existencia das concretas limitacións ou do impedimento á súa actividade como consecuencia da decisión da autoridade competente.

c) A autoridade laboral autorizará o expediente se se entenden xustificadas as limitacións ou impedimento referidos.



INFORMACIÓN ÁS PERSOAS TRABALLADORAS SOBRE RISCOS E MEDIDAS QUE LEVARÁN A CABO

As empresas estarán obrigadas a informar aos seus traballadores/as, canto antes, dos riscos e medidas que levarán a cabo. Como indica o [Real Decreto-Lei 8/2024, do 28 de novembro](#), introdúcese unha nova letra e) no artigo 64.4 do ET:

e) Ser informado pola empresa das medidas de actuación previstas con motivo da activación de alertas por catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos, sen prexuízo dos dereitos de información, consulta e participación previstos na Lei de Prevención de Riscos Laborais. Todo iso para os efectos da adopción das respectivas medidas e decisións, incluídas, entre outras, as previstas no artigo 21 da [Lei 31/1995, do 8 de novembro](#).



PROTOCOLO DE PRL FRONTE CATÁSTROFES E FENÓMENOS ADVERSOS, OBRIGATORIO PARA AS EMPRESAS

Coa modificación do artigo 85.1 do Estatuto dos traballadores, será obrigatorio para as empresas, a través da negociación colectiva, contar con protocolos de actuación que recollan medidas de prevención de riscos especificamente referidas á actuación fronte a catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos.

Desta maneira, as empresas estarán obrigadas a:

- Informar aos seus traballadores/as dos riscos e medidas que se levarán a cabo.
- Adoptar medidas e dar instrucións para interromper a actividade ata que termine o perigo.
- A RLPT poderá acordar a paralización da actividade se existe risco grave e inminente.

MEDIDAS PARA TRABALLADORES/AS POR CONTA PROPIA

As persoas traballadoras autónomas que contan con cobertura da continxencia de cesamento de actividade, cesen total ou parcialmente, de forma definitiva ou temporal, na súa actividade como consecuencia directa e inmediata de catástrofe ou sucesos climatolóxicos producidos nalgunha das localidades afectadas, poderán solicitar a prestación de cesamento de actividade, sen achegar documentos que acrediten a existencia de forza maior.

As que se atopen noutra situación, poderán presentar a solicitude perante unha mutua colaboradora coa Seguridade Social, que levará a cabo o recoñecemento desa prestación

OBRIGAS PARA CENTROS DE TRABAJO

- Avaliación de riscos climáticos: incorporar os riscos por ondas de calor, frío extremo, inundacións, ventos fortes, etc., na avaliación de riscos e na planificación preventiva.
- Plan de meteoalerta e protocolos: definir niveis de alerta, medidas organizativas (teletraballo, quendas, suspensión de actividade), medidas de protección colectiva e individual e procedementos de evacuación e comunicación.
- Formación e información: formar ao persoal sobre sinais de alerta, medidas de autoprotección e uso de EPIs; informar sobre canles de aviso e criterios para activar o permiso
- Rexistro e negociación: documentar as decisións, rexistrar incidencias na coordinación coa representación legal das persoas traballadoras e con servizos de emerxencia locais.

MODELO DE PROTOCOLO OPERATIVO XERAL E ADAPTABLE PARA CENTROS DE TRABALLO

que establece a avaliación preventiva, niveis de alerta, medidas por nivel, canles de comunicación, rexistro e avaliación posterior; debe aliñarse con avisos oficiais e a normativa laboral vixente.

OBXECTIVO E ALCANCE

Definir responsabilidades, criterios de activación e procedementos mínimos para protexer persoas, instalacións e continuidade operativa en centros de traballo fronte fenómenos meteorolóxicos adversos. Aplicable a todos os centros e actividades baixo a mesma organización; integrar con plans de emerxencia e prevención de riscos laborais.


AVALIACIÓN PREVENTIVA

- **Inventario de riscos:** identificar perigos relevantes (vento, choiva intensa, inundación, neve, onda de calor, onda de frío) e puntos críticos (accesos, cubertas, almacéns, zonas inundables).
- **Análise de vulnerabilidade:** mapear persoal sensible, postos críticos e cadeas loxísticas; priorizar medidas de mitigación e adaptación.
- **Fontes e limiares:** definir fontes oficiais de referencia (AEMET e avisos institucionais) e traducilos a limiares operativos locais (ex.: refachos de vento > X km/h, precipitación acumulada > E mm).
- **Medidas preventivas periódicas:** mantemento de drenaxes, fixación de elementos soltos, revisión de cubertas, plans de continxencia de subministracións e formación do persoal.

NIVEIS DE ALERTA

- **Nivel 0 Preventivo:** vixilancia normal; mantemento e comunicación informativa.
- **Nivel 1 Aviso:** previsión con probabilidade moderada; vixilancia reforzada e preparación.
- **Nivel 2 Alerta:** fenómeno probable con impacto significativo; mobilización de recursos e restricións operativas.
- **Nivel 3 Emerxencia:** impacto alto ou en curso; resposta operativa máxima e coordinación con emerxencias externas.

Os niveis deben aliñarse cos avisos oficiais e coas obrigacións laborais e de seguridade social aplicables.



MEDIDAS POR NIVEL

- **Nivel 0 Preventivo**
Accións: comprobación de equipos, difusión de recomendacións, revisión de roteiros de evacuación.
- **Nivel 1 Aviso**
Accións: asegurar materiais soltos; limitar traballos en altura ou exteriores; preparar espazos seguros.
- **Nivel 2 Alerta**
Accións: suspender actividades de risco; pechar accesos vulnerables; activar equipos de intervención interna.

➤ Nivel 3 Emerxencia

Accións: executar evacuacións planificadas; priorizar rescate e atención sanitaria; xestionar albergues e subministracións; solicitar apoio externo se procede.

En todos os niveis designar responsables, rexistrar decisións e aplicar medidas específicas para colectivos vulnerables.

COMUNICACIÓN

- **Canles oficiais:** SMS, correo electrónico, megafonía, redes sociais e paneis informativos; definir responsables de emisión.
- **Mensaxes estandarizadas:** persoais por nivel con instrucións claras (que facer, onde ir, contactos).
- **Coordinación externa:** ligazón con protección civil, servizos de emerxencia e autoridades laborais para sincronizar avisos e evitar contradicións.

REXISTRO E AVALIACIÓN POSTERIOR

- **Rexistro operativo:** incidencias, decisións, recursos mobilizados, tempos e responsables.
- **Informe postevento:** análise de impactos, eficacia de medidas, leccións aprendidas e plan de mellora continua.
- **Actualización do protocolo:** revisar tras cada evento e tras cambios normativos ou técnicos; integrar na xestión preventiva e nos convenios laborais cando cumpra.

IMPLEMENTACIÓN RECOMENDADA: asignar un/unha responsable do protocolo, realizar simulacros anuais e documentar a integración co plan de

prevención de riscos laborais e cos avisos oficiais para garantir cumprimento e protección efectiva.



Resumo da GUÍA DE ACTUACIÓN INSPECTORA FRONTE A FENÓMENOS METEREOLÓXICOS ADVERSOS da ITSS

A presente Guía orienta a empresas, persoas traballadoras e ITSS sobre a xestión preventiva fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos, establecendo criterios para a avaliación de riscos, a implantación de protocolos (Plan meteoalerta) e a comprobación inspectora do seu cumprimento.

ALCANCE E OBXECTIVO

A guía ten por obxecto facilitar a comprobación da xestión preventiva dos riscos asociados a fenómenos meteorolóxicos adversos (FMA) e servir de referencia para a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e para a adaptación dos sistemas de prevención das empresas. Enmárcase na necesidade de integrar os riscos climáticos na prevención de riscos laborais e na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo.

ESTRUTURA E CONTIDOS CLAVE

A Guía organiza o seu contido seguindo o ciclo preventivo: avaliación de riscos, planificación de medidas, implantación e control, e revisión tras episodios. Inclúe orientacións sobre como identificar exposicións (ondas de calor, frío extremo, inundacións, ventos, tormentas,...), criterios para valorar a gravidade e a probabilidade, e a documentación mínima que debe existir na empresa (avaliación, protocolos, rexistros de incidencias).

NIVEIS DE ALERTA E PLAN METEOALERTA

Incorpórase un “Plan meteoalerta” con niveis de referencia que vinculan graos de alerta meteorolóxica con medidas organizativas e técnicas concretas (teletraballo, modificación de quendas, suspensión de actividade, medidas colectivas e individuais, evacuación e comunicación). O anexo cos niveis serve como matriz para decidir actuacións segundo a intensidade do fenómeno e a vulnerabilidade do posto ou centro de traballo.

CRITERIOS DE INSPECCIÓN E COMPROBACIÓN

A ITSS detalla criterios obxectivos que usarán os inspectores/as para valorar se a empresa integrou

os FMA no seu sistema preventivo: **a)** existencia e adecuación da avaliación de riscos, **b)** protocolos operativos, **c)** formación e información ao persoal, **d)** rexistros de activación do plan e **e)** coordinación con servizos de emerxencia. A ausencia ou insuficiencia de medidas pode dar lugar a actuacións inspectoras e sancións administrativas.

RECOMENDACIÓNS PRÁCTICAS PARA EMPRESAS

A guía recomenda: **a)** actualizar a avaliación de riscos incluíndo escenarios climáticos, **b)** redactar e formalizar un Plan meteoalerta con responsables e limiares de activación, **c)** formar e informar ao persoal e **d)** documentar todas as decisións e actuacións. Tamén subliña a importancia de negociar ou informar á representación das persoas traballadoras e de revisar o plan tras cada episodio para incorporar leccións aprendidas.

En síntese, a Guía é unha ferramenta operativa para converter a exposición a fenómenos meteorolóxicos en obrigacións preventivas concretas; o seu cumprimento esixe avaliación específica, protocolos por niveis, formación e rexistro documental que a Inspección verificará conforme aos criterios establecidos.

PASOS RECOMENDADOS PARA IMPLANTAR A NORMATIVA

1. Actualizar a avaliación de riscos incluíndo escenarios climáticos extremos.
2. Redactar un protocolo operativo (Plan meteoalerta) con niveis, responsables e medidas concretas.
3. Negociar ou informar á representación das persoas traballadoras e adaptar convenios se procede.
4. Comunicar e formar a todo o persoal; realizar simulacros.
5. Revisar e rexistrar tras cada episodio para mellorar o protocolo.

Ligazón para descarga da **GUÍA DE ACTUACIÓN INSPECTORA FRONTE A FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS** da ITSS



INCENDIOS FORESTAIS E URBANOS

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO FRONTE A UN INCENDIO FORESTAL E/OU URBANO, seguindo a Norma Básica de Autoprotección (Real Decreto 393/2007) e as guías técnicas do MITECO para incendios en interface urbano-forestal (U-F), así como criterios de plans especiais autonómicos.

ESTRUTURA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

1. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E RESPONSABLES

- Datos da empresa/entidade titular.
- Dirección e localización.
- Director/a do Plan de Autoprotección e do Plan de Actuación en Emerxencia.
- Teléfonos de contacto e de emerxencias.

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E DA CONTORNA

- Actividades desenvolvidas.
- Características construtivas e estruturais.
- Contorna física: proximidade a masas forestais, edificacións lindeiras, accesos, hidrantes.

3. INVENTARIO E ANÁLISE DE RISCOS

- Avaliación específica de risco de incendio forestal (interface U-F) e urbano.

- Identificación de riscos secundarios: explosións, derrames, colapso estrutural.
- Zonas e elementos vulnerables.

4. INVENTARIO DE RECURSOS E MEDIOS

- Equipos de protección contra incendios -PCI- (extintores, BIE, hidrantes, rociadores).
- Sistemas de alarma e comunicación.
- Ferramentas de autoprotección (mangueras, mochilas extintoras, batelumes en interface U-F).

5. PLAN DE ACTUACIÓN FRONTE EMERXENCIAS

- Procedementos diferenciados para incendio forestal e urbano.
- Organización de equipos de intervención, evacuación e primeiros auxilios.
- Roteiros e puntos de reunión seguros.

6. INTEGRACIÓN CO SISTEMA PÚBLICO DE EMERXENCIAS

- Protocolos de comunicación con 112, bombeiros, Protección Civil.
- Coordinación con plans municipais e autonómicos (INFOCAM, INFOMA, etc.).

7. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO

- Formación e simulacros periódicos.
- Revisión e actualización anual ou tras cambios relevantes.

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

Incendio forestal (interface urbano-forestal)

PREVENCIÓN E PREPARACIÓN

1. Manter franxas de seguridade libres de vexetación:
 - Zona prioritaria 1: 0-10 m sen combustible continuo.

- Zona prioritaria 2: 10-30 m con vexetación aclarada e podada.
- 2. Revisar e sinalizar hidrantes e accesos para bombeiros.
- 3. Retirar materiais combustibles de patios e fachadas.
- 4. Formar ao persoal en protocolos de confinamento e evacuación.

DURANTE A EMERXENCIA

1. Activar alarma interna e avisar ao 112.
2. Valorar se procede confinamento (edificio protegido, sen fume interior) ou evacuación (se hai risco directo).
3. Pechar portas e xanelas, cortar ventilación forzada.
4. Evacuar por roteiros seguros afastados da fronte de lume, cara a puntos seguros predefinidos.
5. Manter comunicación con autoridades e seguir as súas instrucións.

DESPOIS

1. Non regresar ata autorización oficial.
2. Revisar instalacións e rexistrar danos.
3. Avaliar a resposta e actualizar o plan.

Incendio urbano (interior ou edificio lindeiro)

PREVENCIÓN E PREPARACIÓN

1. Manter vías de evacuación despexadas e sinalizadas.
2. Revisar e manter sistemas PCI.
3. Controlar a carga de lume e o almacenamento de combustibles.

DURANTE A EMERXENCIA

1. Activar alarma e avisar ao 112.

2. Se o lume é incipiente e seguro, usar extintores ou BIE.
3. Pechar portas ao lume para sectorizar.
4. Evacuar por escaleiras (nunca ascensor) cara ao punto de reunión.
5. Axudar a persoas con mobilidade reducida segundo plan.

DESPOIS

1. Non reingresar ata inspección e autorización.
2. Rexistrar incidencias e danos.
3. Revisar e repoñer medios de protección.



MEDIDAS PREVENTIVAS EN CENTROS DE TRABA- LLO FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS E URBANOS

Deseguido preséntase unha relación exhaustiva e práctica, orientada a centros de traballo (incluída a interface urbano-forestal), combinando obrigas e boas prácticas. Cítanse normativa e guías oficiais.

MARCO NORMATIVO E GUÍAS DE REFERENCIA

- **Referencias clave:** a prevención e protección contra incendios en centros de traballo apóiase na normativa de seguridade contra incendios, os plans de emerxencia e autoprotección, e as guías técnicas do INSST para instalacións e evacuación. Estas fontes recollen criterios sobre instalacións de protección, plans e mantemento que son aplicables a diversos sectores e tipos de edificios laborais.

- **Incendios forestais en contornas de traballo en interface urbano-forestal (U-F):** O [Real Decreto-lei 15/2022](#) reforza medidas urxentes fronte a incendios forestais e aliña a coordinación intersectorial (Administración, CCAA, sector privado e sociedade), sobre a base da [Lei de Montes de Galicia](#), a [Lei de Montes Estatal](#) e as orientacións do [CLIF](#); é clave para empresas con centros preto de vexetación ou na interface urbano-forestal (U-F).
- **Planificación preventiva en interface U-F:** A [guía de planificación preventiva do MITECO](#) detalla medidas para diminuír o perigo, a exposición e a vulnerabilidade en edificacións, con criterios como franxas de prioridade de 10-30 m e 30-100 m, accesos, hidrantes e zonas seguras, relevantes para centros de traballo situados xunto a masas vexetais.

Fontes: INSST ([compendio de documentación técnica PCI](#)); RDL 15/2022 (marco urxente incendios forestais); Guía MITECO de planificación preventiva en interface urbano-forestal.

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DO RISCO

- **Avaliación do risco:** realizar avaliación específica que inclúa exposición a incendios forestais (interface urbano-forestal) e urbanos; identificar fontes de ignición, vías de propagación, puntos críticos e vulnerabilidade de instalacións e persoal.
- **Mapeo e zonificación:** delimitar zonas de prioridade segundo distancia a masas forestais e materiais combustibles; definir áreas seguras, roteiros e puntos de reunión exteriores e interiores.
- **Plan de emerxencia e autoprotección:** elaborar e actualizar plan de emerxencia integrado no plan de prevención de riscos laborais; incluír protocolos de activación, roles, comunicación con servizos de emerxencia e procedementos de evacuación e refuxio.
- **Coordinación con autoridades:** establecer canles con bombeiros, protección civil e concello para recibir avisos, estados de alerta e apoio operativo.

MEDIDAS COMÚNS A TODO CENTRO DE TRABALLO

- 1) Avaliación de riscos específica:** identificar escenarios de incendio por área e proceso, combustibles presentes, fontes de ignición, cargas de lume e roteiros de propagación. Integrar condicións estacionais (ondas de calor, vento) e contorna (vexetación, edificacións contiguas).
- 2) Plan de emerxencia e autoprotección:** definir organización de emerxencias, alarmas, confinamento/ evacuación, puntos de reunión, atención a persoas vulnerables, comunicación con 112 e servizos de emerxencia. Ensaia con simulacros planificados. As guías do INSST recollen directrices e materiais aplicables para plans e evacuación en centros de traballo.
- 3) Sinalización e vías de evacuación:** manter itinerarios despexados, portas e saídas operativas, sinalización fotoluminiscente, iluminación de emerxencia e cálculo de tempos/capacidades de evacuación. O INSST inclúe criterios para avaliar condicións de evacuación e dimensionamento práctico.
- 4) Vías de acceso e manobra:** conservar vías de acceso para vehículos de emerxencia libres e con

MEDIDAS COMÚNS A TODO CENTRO DE TRABAJO

1. Avaliación de riscos específica
2. Plan de emerxencia e autoprotección
3. Sinalización e vías de evacuación
4. Vías de acceso e manobra
5. Materiais e envolvente
6. Xestión da carga de lume
7. Compartimentación
8. Control de fontes de ignición
9. Sistemas de subministración e seguridade de servizos
10. Mantemento de sistemas de Protección Contra Incendios (PCI)
11. Capacitación e simulacros
12. Coordinación empresarial e con emerxencias

anchura, radio de xiro e sinalización adecuados; sinalizar roteiros alternativos en caso de bloqueo.

5) Materiais e envolvente: usar materiais e acabados exteriores de baixa combustibilidade en fachadas, cubertas, portas e xanelas; protexer respiradoiros, beirados e ocos onde poidan entrar brasas.

6) Xestión da carga de lume: minimizar almacenamentos innecesarios, compartimentar sectores, usar mobiliario/materiais con reacción ao lume adecuada, e manter orde e limpeza para evitar focos e propagación.

7) Compartimentación: sectorizar edificacións para limitar progresión do lume e fume; portas cortalume, selaxes e vías de evacuación separadas.

8) Control de fontes de ignición: permisos de traballo en quente, control de estática, proteccións eléctricas, mantemento preventivo de maquinaria e sistemas, prohibición de fumar onde corresponda, control de baterías e cargadores.

9) Sistemas de subministración e seguridade de servizos: protexer e etiquetar puntos de corte de gas, electricidade e outras fontes enerxéticas; asegurar

accesos para desconexión rápida e evitar instalacións en zonas expostas.

10) Mantemento de sistemas de Protección Contra Incendios (PCI): extintores, bocas de incendio equipadas (BIE), rociadores, columnas secas/húmidas, detección/alarma, extracción de fumes, hidrantes, abastecemento de auga e sectorización deben deseñarse, manterse e verificarse con periodicidade conforme a guías técnicas e criterios do INSST sobre instalacións de protección contra incendios.

Garantir dispoñibilidade de hidrantes e reservas de auga accesibles para extinción; sinalizar e manter puntos de recarga para bombeiros e brigadas internas.

11) Capacitación e simulacros: formación inicial e recorrente, equipos de primeira intervención, uso de extintores e BIE, evacuación asistida, comunicación en emerxencia e leccións aprendidas tras simulacros. O INSST proporciona materiais formativos e notas técnicas aplicables.

12) Coordinación empresarial e con emerxencias: integrar a empresas contratistas, veciños de parque empresarial, propiedade do edificio e servizos públicos (Bombeiros, 112), con protocolos compartidos e simulacros conxuntos cando sexa viable.

MEDIDAS ESPECÍFICAS FRONTE INCENDIOS FORESTAIS OU EN INTERFACE URBANO-FORESTAL

ZONAS DE XESTIÓN DE VEXETACIÓN AO REDOR DO CENTRO:

➤ **Franxa prioritaria 1 (0–10 m):** manter continua limpeza, eliminación de restos e discontinuidade de combustible xunto a edificacións.

- **Franxa prioritaria 2 (10–30 m) e 3 (30–100 m):** aclareo, redución de continuidade horizontal/vertical, poda de polas baixas, e retirada de restos vexetais. Estas franxas reducen inicio e progreso do lume cara ás edificacións.

INFRAESTRUTURA PARA DEFENSA:

- **Accesos:** garantir dobre acceso se é posible, anchuras e radios de xiro para camións de bombeiros, e sinalización visible.
- **Zonas seguras:** espazos abertos libres de combustible para refuxio temporal ou manobra de emerxencias.
- **Hidrantas e auga:** hidrantas sinalizados e operativos, depósitos ou tomas accesibles para emerxencias. A guía MITECO detalla requisitos sobre accesos, zonas seguras e hidrantas para mellorar a defensa.

REDUCCIÓN DE VULNERABILIDADE DO EDIFICIO:

- **Cubertas e beirados:** materiais e acabados resistentes, selado de encontros, limpeza de caleiros (canalóns).
- **Aberturas e reixas:** mallas anti-ascuas en ventilacións, protección de ocos e peches estancos.
- **Fachadas e ocos acristalados:** revestimentos adecuados, vidros de maior resistencia térmica e proteccións exteriores cando sexa pertinente.
- **Contornas inmediatas:** retirar combustibles (madeiras, plásticos, palets, residuos) de patios e proximidade de fachadas. A guía MITECO describe tratamentos de elementos vulnerables e xestión dentro/ao redor da edificación.

OPERACIÓN EN DÍAS DE RISCO EXTREMO:

- **Vixilancia de avisos:** seguir avisos oficiais e limitar traballos que xeren faíscas ou calor en exteriores.
- **Preparación para confinamento/evacuación:** roteiros, puntos de reunión, sistemas de aviso, e coordinación co 112/Protección Civil. O [Real Decreto-lei 15/2022](#) reforza a coordinación e medidas urxentes en episodios de maior complexidade por cambio climático.

PROTOCOLOS DE EMERXENCIA ESPECÍFICOS U-F:

Avisos, roteiros de evacuación alternativas, puntos seguros e procedementos graduados; a guía MITECO recolle protocolos detallados de actuación en emerxencias por incendio en interface U-F.



MEDIDAS ESPECÍFICAS FRONTE INCENDIOS URBANOS/INDUSTRIAIS

DESEÑO E SECTORIZACIÓN:

- **Compartimentación:** sectores de incendio, selado de penetracións, portas cortalume con auto-peche, e vestíbulos de independencia.
- **Control de fumes:** sistemas de extracción/impulso, desenfumaxe natural onde proceda, e control por escenarios (incendio en garaxe, nave, oficina).

- **Protección activa:** detección/alarma, rociadores automáticos ou outros axentes de extinción segundo riscos (eléctricos, líquidos inflamables), BIE e columnas en edificios de altura. Guías do INSST cobren instalacións PCI e mantemento da súa operatividade.

PROCESOS E SUBSTANCIAS PERIGOSAS:

- **Almacenamento seguro:** clasificación, segregación e ventilación en químicos; bandexas de retención; control de estática en pos combustibles; zonas ATEX (atmosferas explosivas).
- **Permisos de traballo:** soldadura, corte, traballos en quente con vixilancia de incendios e detección portátil.
- **Enerxías e utilidades:** seccionamento rápido, válvulas de corte de gas, cadros accesibles e etiquetaxes. O INSST compendia boas prácticas e NTP aplicables a estes ámbitos.

EVACUACIÓN E OCUPACIÓN:

Cálculo de anchos, capacidade de saídas e tempos; accesibilidade universal; puntos de encontro; procedementos para fumadores de materiais perigosos e salas técnicas; o INSST inclúe directrices de avaliación de condicións de evacuación en centros de traballo.

PREPARACIÓN, FORMACIÓN E MANTEMENTO

FORMACIÓN POR ROLES:

- **Todo o persoal:** recoñecemento de alarmas, roteiros e puntos de encontro, uso básico de extintores.
- **Equipos de emerxencia:** primeira intervención (extintores/BIE), evacuación e apoio a persoas



con discapacidade, comunicación co 112 e xefatura de emerxencias.

- **Operadores críticos:** traballos en quente, ATEX, químicos, xestión de baterías, cadros eléctricos. O INSST ofrece materiais de apoio para formación e plans.

MANTEMENTO DOCUMENTADO:

- **PCI e instalacións críticas:** plan anual de mantemento, rexistros, probas de caudal/presión, recargas e substitucións en data, probas de detección/alarma, e simulacións funcionais.
- **Infraestrutura exterior en interface U-F:** revisións de hidrantes, accesos despexados, limpeza periódica de franxas e retirada de restos vexetais. O INSST recompila guías e fichas sobre mantemento PCI aplicables a centros de traballo.

SIMULACROS E MELLORA CONTINUA:


Programación anual (ou por risco), observadores, cronometraxe, enquisa post-simulacro, accións correctoras e revisión do plan.

MONITORIZACIÓN, COORDINACIÓN E CONTINUIDADE DE NEGOCIO

- **Vixilancia de condicións externas:** integrar avisos meteorolóxicos e de risco de incendio forestal na toma de decisións operativas (paradas parciais,

reforzo de vixilancia, restricións de traballos en quente) e coordinación local. O [*Real Decreto-lei 15/2022*](#) subliña a cooperación intersectorial e a resposta coordinada en episodios de maior complexidade.

- **Coordinación con contorna:** Comunicar e aliñar medidas con comunidades de propietarios, polígonos, veciños e autoridades locais (accesos, hidrantes, puntos seguros), seguindo pautas de planificación preventiva en interface U-F do MITECO.
- **Continuidade de negocio/actividade:** Plans de continxencia por perda de sede/servizos, copias de seguridade, acordos alternativos de loxística, e cadeas de comunicación para recuperación.



LISTAS DE VERIFICACIÓN OPERATIVAS

DIARIA/SEMANAL:

- **Orde e limpeza:** residuos e combustibles fóra de áreas de paso e equipos.
- **Evacuación:** vías despeixadas, portas desbloqueadas, sinalización visible, iluminación funcional.
- **Clima/contorna:** avisos de risco forestal, vento, calor; limitar traballos en quente en exterior.

MENSUAL/TRIMESTRAL:

- **PCI:** extintores accesibles e con presión verificada, BIE con manguera en bo estado, probas de alarma/megafonía, repaso de hidrantes exteriores.
- **Edificio:** peches cortalume, selaxes, rearmamentos de portas, probas de extracción de fumes.
- **Interface U-F:** limpeza de franxas 0-10 m, control de vexetación 10-30 m e 30-100 m, retirada de restos. A guía MITECO sustenta este enfoque por aneis e mantemento periódico.

ANUAL:

- **Plan e simulacro:** revisión documental, simulacro integral e accións correctoras.
- **Formación:** reciclaxe para todo o persoal e específico por risco.
- **Auditoría PCI:** verificación integral de deseño, mantemento e rexistros conforme ás guías do INSST.

DOCUMENTACIÓN MÍNIMA RECOMENDADA

- Plan de emerxencia/autoprotección actualizado.
- Avaliación de riscos de incendio e de interface U-F, con planos.
- Rexistros de formación, simulacros e mantemento PCI.
- Protocolos de coordinación co 112/Bombeiros e con empresas veciñas.
- Procedementos de traballos en quente, ATEX e químicos.
- Plan de continuidade de negocio/actividade.



CHECKLIST DE PREVENCIÓN EN LUGARES DE TRABAJO FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS E URBANOS

Cando a contorna arde, o lugar de traballo necesita decisións claras e rápidas. Este checklist integra prevención estrutural, organizativa e de autoprotección para centros laborais, con distinción entre risco forestal (interface urbano-forestal) e urbano/industrial, e aliñado con boas prácticas técnicas.

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DO RISCO

A anticipación é clave: monitorizar alertas, definir limiares de activación e priorizar a redución de combustible e a protección de estruturas críticas.

- **Vixilancia e alertas:** integrar avisos oficiais (AEMET/Protección Civil) no protocolo diario, con niveis de activación e responsables por quenda.
- **Mapa de riscos:** identificar zonas de interface urbano-forestal, accesos, puntos de auga, materiais combustibles, salas técnicas, cubertas, patios e perímetros; marcar roteiros de evacuación e puntos seguros.
- **Limiares de activación:** definir cando se suspenden traballos exteriores (p. ex., alerta vermella, fume denso, proximidade de fronte, ordes de autoridade) e cando se confinan interiores seguros.
- **Plan específico por escenario:** diferenciar entre incendio forestal (interface) e urbano/industrial (PCI, almacenamento, evacuación vertical).

A planificación preventiva en interface U-F recomenda zonificar a contorna do centro, reforzar accesos, puntos de auga e “espazos seguros” e establecer protocolos de aviso e evacuación graduados.

MEDIDAS EN CONTORNA E EXTERIORES (INCENDIO FORESTAL / INTERFACE URBANO-FORESTAL)

Reducir a posibilidade de ignición e a propagación cara ao centro: xestionar combustible vexetal, protexer aberturas e mellorar defensas pasivas.

➤ **Franxas de xestión de combustible:**

- ✓ Zona prioritaria 0-10 m: limpar totalmente materiais vexetais finos, evitar almacenamento ao aire libre de combustibles; manter chan mineral ou pavimento.
- ✓ Zona 10-30 m: clarexo de matogueira, poda baixa de arboredo, discontinuidades horizontais e verticais; eliminar restos tras traballos.
- ✓ Zona 30-100 m: mosaico de combustibles, faixas de roza, mellora de accesos e zonas seguras.

A guía de planificación preventiva propón radios de prioridade, redución de combustible, mantemento de accesos, “espazos abertos – zonas seguras” e implantación de hidrantes.

➤ **Protección de envoltante do edificio:**

- ✓ Tellados e beirados (aleros): selaxe, materiais non combustibles, limpeza de caleiros (canalóns); mallas en ventilacións para frear faíscas.
- ✓ Portas e xanelas: peches herméticos; persianas e vidros resistentes á calor.
- ✓ Terrazas e soportais: retirar mobiliario e materiais combustibles; protexer reixas e ocos.



O tratamento de elementos vulnerables (tellados, chemineas, revestimentos, aberturas) reduce a entrada de faíscas e a posible ignición do edificio.

➤ **Infraestrutura de apoio:**

- ✓ Hidrantes e reserva de auga: sinalizar e garantir operatividade; accesos libres.
- ✓ Servizos de enerxía e gas: protección e sectorización; corte seguro en emerxencia.

A mellora de opcións de defensa inclúe hidrantes, accesos e xestión de utilidades para facilitar a protección civil e bombeiros.

➤ **Medidas comunitarias e sostibles:**

- ✓ Xestión subvencionada de combustible, pastoreo dirixido e cartografía de faixas obrigatorias como ferramentas de prevención sostida en interface Urbano-Forestal.

Innovacións recentes inclúen instrumentos de financiamento de rozas, pastoreo, e planificación da paisaxe para reducir ignicións e severidade.

MEDIDAS INTERIORES E TÉCNICAS PCI (INCENDIO URBANO/INDUSTRIAL)

A protección contra incendios urbanos baséase en instalacións de PCI, mantemento, sectorización e evacuación.

➤ **Instalacións PCI e mantemento:**

- Sistemas activos: detectores, rociadores, BIE, extintores, hidrantes interiores; plan de mantemento regulamentario e probas.
- Sistemas pasivos: sectorización EI, selado de pasos, portas cortalumes, resistencia ao lume de estruturas; control de cargas de lume.

As boas prácticas do INSST recompilan NTP, guías e fichas sobre medidas de prevención, mantemento de PCI, BIE e regulamentos industriais, aplicables a centros de traballo.

➤ **Almacenamento seguro:**

- Químicos e combustibles: compatibilidades, ventilación, cubetos, límites de cantidade, sinalización e control de fontes de ignición.

O INSST publica guías de boas prácticas para almacenamento de produtos perigosos e medidas de prevención e protección contra incendios en lugares de traballo.

➤ **Evacuación e roteiros:**

- Capacidade e tempos: dimensionar roteiros, saídas e puntos de reunión; verificar condicións de evacuación.
- Iluminación e sinalización: mantelas operativas e visibles; proba de sistemas de alarma.

Avaliar condicións de evacuación e aplicar regulamentos de seguridade contra incendios industriais son eixos da prevención urbana.

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO E EQUIPAMENTO

Reducir exposición, mellorar resposta e asegurar que cada persoa saiba que facer fronte a fume, lapas e evacuacións.

➤ Operativa diaria:

- Restricións de tarefas: suspender traballos con lapa aberta, cortes en quente e maquinaria que poida xerar faíscas en días de risco extremo.
- Limpeza e orde: minimizar cargas de lume; eliminar residuos combustibles ao final de cada quenda.

➤ Equipos e EPI:

- EPI segundo risco: cascos con viseira, lentes, luvas ignífugas, máscaras para partículas; en interface, equipos forestais de cabeza segundo tarefa.
- Kits de emerxencia: mantas ignífugas, extintores adecuados (ABC, CO2), radios, lanternas.



O INSST inclúe referencias técnicas sobre protectores de cabeza e materiais aplicables a traballos en contornas con risco de incendio.

➤ Coordinación e permisos:

- Permisos de traballo en quente: procedementos, cortalumes temporais, vixilancia post-traballo.
- Concorrenza de empresas: coordinación documental e de operativa para evitar ignicións.

COMUNICACIÓN, FORMACIÓN E SIMULACROS

A formación práctica e a comunicación clara salvan vidas e acurtan tempos de resposta.

➤ Formación específica:

- Recoñecemento de sinais: fume, calor radiante, faíscas, cambios de vento; uso de extintores, BIE e peche de sectorizacións.
- Interface U-F: comportamento do lume, ameaza da fronte, actuación individual e tralo paso de lapas.

Os protocolos de actuación en emerxencias de interface U-F inclúen sistemas de aviso, roteiros de evacuación, puntos seguros e pautas de comportamento antes, durante e despois da fronte.

➤ Protocolos de aviso:

- Mensaxería interna e sirenas: mensaxes breves con “que facer agora”.
- Taboleiros e QR: procedementos e mapas de evacuación accesibles.

➤ Simulacros periódicos:

- Evacuación e confinamento: ensaiar ámbolos dous; medir tempos e corregir colos de botella.
- Activación de PCI: probar alarmas e resposta do persoal.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA

Actuar con disciplina: seguridade persoal, aviso, evacuación ou confinamento, apoio inicial e coordinación con servizos externos.

➤ Detección e activación:

- Alarma inmediata: ante fume/lapas; cortar enerxías se está previsto; activar sectorizacións.
- Aviso a 112: comunicación de localización, tipo de lume, persoas afectadas e accesos.

➤ Evacuación ou confinamento:

- Urbano/industrial: evacuación cara a puntos de reunión; evitar fume, pechar portas cortalumes.
- Interface U-F: se a evacuación non é segura, confinar en interiores con mínima exposición, preparar defensa pasiva e esperar instrucións de autoridade.

Os protocolos de interface U-F contemplan decisión entre evacuar por roteiros seguros ou confinar en “zonas seguras” segundo evolución e ordes de emerxencia.

➤ Primeiros auxilios:

- Lesións por fume e queimaduras: aire limpo, arrefriar queimaduras con auga, non retirar roupa adherida, soporte vital; activar cadea de supervivencia.

➤ Rexistro e comunicación:

- Parte de incidente: cronoloxía, causas, medidas aplicadas; comunicación ao comité de seguridade.

REVISIÓN POST-INCIDENTE E MELLORA CONTINUA

Aprender rápido e axustar o plan antes do seguinte episodio.

➤ Inspección técnica:

- Danos en envolventes e PCI: tellados, selos, portas RF (resistentes ao lume), cableado, detectores, hidrantes; plan de reparación e probas.
- Contorna: reposición de faixas de roza e eliminación de material queimado en perímetros.

Ligazón ao [Checklist de prevención en lugares de traballo fronte a incendios forestais e urbanos.](#)

➤ Leccións aprendidas:

- Informe e actualización: refinar checklist, redistribuír materiais, mellorar formación e sinalización.
- Participación: incluír comité de seguridade e saúde e coordinación con autoridades locais.

➤ Colaboración territorial:

- Acceso e auga: reforzar accesos, cartografía de zonas seguras e de roza obrigatorias; vínculos con protección civil.

A planificación multixurisdiccional, cartografía de franxas de roza e reforzos comunitarios mellora a resiliencia fronte a incendios forestais

LISTA RÁPIDA DE ACTIVACIÓN (48–72 H E DÍA DE RISCO)

- **Alertas:** verificar nivel e comunicar ordes claras.
- **Contorna:** roza 0-10 m; retirar combustibles de patios e cubertas; despexar accesos e hidrantes.
- **Operativa:** suspender traballos en quente e tarefas de risco; reducir cargas de lume interiores.
- **PCI:** revisar dispoñibilidade de extintores, BIE e alarmas; comprobar portas RF e sinalización.
- **Evacuación:** actualizar roteiros e puntos seguros; confirmar transporte alternativo se hai peches.
- **Comunicación:** mensaxe de “que facer” por alerta; responsables por área.
- **Simulacro exprés:** ensaio curto de evacuación/confinamento segundo escenario.





**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E OS PROCEDEMEN-
TOS DE ACTUACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO
FRONTE INUNDACIÓNS E RIADAS**, seguindo a
Norma Básica de Autoprotección ([Real Decreto
393/2007](#)) e as recomendacións de Protección Civil
e do Plan Estatal de Inundacións.

ESTRUTURA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

1. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E RESPONSABLES

- Datos da empresa/entidade titular.
- Enderezo e localización (incluíndo cota de altura e proximidade a leitos/cauces).
- Director/a do Plan e responsables de cada equipo de emerxencia.
- Teléfonos de contacto e de emerxencias.

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E DA CONTORNA

- Actividades desenvolvidas.
- Características construtivas e estruturais.
- Contorna física: proximidade a ríos, regatos, zonas asolagables, encoros, mar.

3. INVENTARIO E ANÁLISE DE RISCOS

- Avaliación específica do risco de inundación/riada (consultar mapas de perigo e plans municipais).

- Identificación de riscos secundarios: contaminación por verteduras, cortes eléctricos, illamento.
- Zonas e elementos vulnerables (sotos, arquivos, maquinaria, produtos perigosos).

4. INVENTARIO DE RECURSOS E MEDIOS

- Equipos de bombeo e achique.
- Barreiras anti-inundación, sacos de area, comportas.
- Sistemas de alarma e comunicación.
- Caixas de primeiros auxilios, lanternas, chalecos salvavidas se procede.

5. PLAN DE ACTUACIÓN FRONTE EMERXENCIAS

- Procedementos específicos para inundacións e riadas.
- Organización de equipos de intervención, evacuación e primeiros auxilios.
- Roteiros e puntos de reunión seguros (en cotas elevadas).

6. INTEGRACIÓN CO SISTEMA PÚBLICO DE EMERXENCIAS

- Protocolos de comunicación con 112, Protección Civil, bombeiros.
- Coordinación con plans municipais e autonómicos de inundacións.

7. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO

- Formación e simulacros periódicos.
- Revisión e actualización anual ou tras cambios relevantes.



PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

ANTES DA INUNDACIÓN (FASE DE PREALERTA)

- Monitorar avisos oficiais de AEMET e Protección Civil.
- Revisar e limpar sumidoiros, desaugadoiros e sistemas de bombeo.
- Colocar barreiras ou sacos de area en accesos vulnerables.
- Elevar maquinaria, arquivos e materiais perigosos por enriba do nivel de risco.
- Comprobar equipos de emerxencia e comunicación.
- Informar ao persoal da situación e medidas preventivas.

DURANTE A INUNDACIÓN

1. Activar a alarma interna e avisar ao 112.
2. Evitar zonas baixas (sotos, garaxes) e trasladarse a plantas superiores seguras.
3. Desconectar electricidade e gas se hai risco de contacto con auga.
4. Non camiñar nin conducir por zonas asolagadas.
5. Manter comunicación con responsables e autoridades.
6. Atender a persoas vulnerables segundo plan.

DEPOIS DA INUNDACIÓN

- Non regresar a zonas afectadas ata autorización oficial.
- Avaliar danos estruturais e riscos (cables, fugas, contaminación).
- Usar EPIs para limpeza e retirada de lodos/entullos.

- Xestionar residuos perigosos segundo normativa.
- Rexistrar incidencias e actualizar o plan.

ROLES E RESPONSABILIDADES

- **Director/a do Plan:** activa o protocolo e coordina con emerxencias.
- **Xefe/a de intervención:** dirixe a resposta interna.
- **Equipos de evacuación:** guían e axudan ás persoas cara a zonas seguras.
- **Equipos de primeira intervención:** colocan barreiras, cortan subministracións, usan bombas.
- **Equipos de primeiros auxilios:** atenden a feridos ata chegada de axuda externa.

DOCUMENTACIÓN E REXISTROS

- Planos con roteiros de evacuación e puntos de reunión en zonas elevadas.
- Listaxe actualizada de persoal e visitantes.
- Rexistro de simulacros e formacións.
- Inventario de medios e equipos de emerxencia.
- Informe de revisións e actualizacións do plan.

Ligazón ao [Plan de autoprotección e os procedementos de actuación en centros de traballo fronte inundacións e riadas](#)





MEDIDAS PREVENTIVAS NOS CENTROS DE TRABALLO NOS CASOS DE INUNDACIÓNS E RIADAS.

MARCO NORMATIVO E GUÍAS DE REFERENCIA

- **Plans de Xestión do Risco de Inundación (PXRI):** establecen medidas de prevención, ordenación do territorio e autoprotección en zonas inundables.
- **Guía para a Redución da Vulnerabilidade de Edifícios fronte a Inundacións:** orientacións sobre deseño, rehabilitación e medidas de autoprotección.
- **Protección Civil (DXPCeE):** protocolos de actuación e autoprotección fronte desbordamentos e riadas.
- **Recomendacións para Servizos de Prevención de Riscos Laborais tras inundacións:** medidas específicas para protexer a saúde das persoas traballadoras en zonas afectadas.

MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DA INUNDACIÓN

AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

- **Avaliar o risco:** identificar se o centro está en zona inundable (consultar mapas PXRI e plans municipais).
- **Plan de emerxencia e autoprotección:** incluír protocolos específicos para inundacións, roteiros de evacuación seguros e puntos de reunión elevados.

- **Coordinación con autoridades:** manter contacto con Protección Civil e concello para recibir avisos e ordes de evacuación.

INFRAESTRUTURA E CONTORNA

- **Protección física:** instalar barreiras anti-inundación, comportas ou sacos de area en accesos vulnerables.
- **Drenaxe e bombeo:** revisar e limpar sumidoiros, instalar bombas de achique con alimentación alternativa.
- **Localización de equipos e materiais:** elevar maquinaria, servidores, arquivos e produtos perigosos por encima do nivel de risco.
- **Protección de substancias perigosas:** almacenar químicos e combustibles en zonas seguras e estancas.

FORMACIÓN E SIMULACROS

- **Capacitación do persoal:** sobre sinais de alerta, roteiros de evacuación e uso de EPIs en caso de emerxencia.
- **Simulacros periódicos:** incluíndo escenarios de evacuación por inundación.

MEDIDAS DURANTE A INUNDACIÓN OU RIADA

- **Seguir avisos oficiais:** non improvisar roteiros, evacuar só cando sexa seguro e seguindo instrucións de autoridades.
- **Desconectar subministracións:** cortar electricidade e gas se hai risco de contacto con auga.
- **Evitar zonas asolagadas:** non camiñar nin conducir por áreas con auga en movemento.



- **Uso de EPIs adecuados:** botas impermeables, luvas, chalecos salvavidas se hai risco de caída á auga.
- **Protexer a persoas vulnerables:** embarazadas, persoas con problemas respiratorios ou inmunitarios non deben participar en tarefas de risco.

MEDIDAS DESPOIS DA INUNDACIÓN

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- **Avaliar a estrutura:** non entrar ata que persoal técnico confirme a estabilidade do edificio.
- **Prevención de riscos biolóxicos e químicos:**
 - Evitar contacto con augas contaminadas.
 - Manipular residuos perigosos (praguicidas, hidrocarburos) con EPIs adecuados.
 - Retirar cadáveres de animais seguindo protocolos sanitarios.
- **Prevención de intoxicacións por CO:** usar xeradores só en zonas ventiladas.
- **Control de vectores:** usar roupa protectora e repelentes contra mosquitos en zonas con auga estancada.
- **Vacinación:** revisar estado fronte a tétanos, triplo vírica, varicela e hepatitis B.

RECUPERACIÓN OPERATIVA

- **Limpeza e desinfección:** con produtos adecuados e ventilación suficiente.
- **Revisión de instalacións:** eléctrica, gas, PCI e saneamento antes de renovar a actividade.
- **Rexistro de danos:** para seguros e plans de mellora.

LISTA DE VERIFICACIÓN RÁPIDA

ANTES:

- Plan de autoprotección actualizado con protocolo de inundacións.
- Barreiras e sistemas de drenaxe revisados.
- Material sensible elevado e protexido.
- Formación e simulacros realizados.

DURANTE:

Seguir avisos oficiais.

Cortar subministracións.

Evitar zonas asolagadas.

Usar EPIs adecuados.

DESPOIS:


Avaliar estrutura e riscos.

Usar EPIs en limpeza.

Controlar riscos biolóxicos/químicos.

Revisar instalacións antes de reabrir.

Ligazón ás [Medidas preventivas nos centros de traballo nos casos de inundacións e riadas.](#)



Ligazón ao [CHECKLIST DE PLAN DE EMERXENCIA PARA INUNDACIÓN E RIADAS](#) en formato imprimible.



VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS

PLAN DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN FRONTE VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS

PREVENCIÓN E PREPARACIÓN

- **Avaliación de riscos:** identificar zonas vulnerables do centro de traballo (teitos, xanelas, estruturas lixeiras).
- **Mantemento preventivo:** revisar e reforzar teitos, antenas, carteis, e elementos exteriores que poidan desprenderse.
- **Capacitación do persoal:** realizar simulacros e adestramentos sobre que facer antes, durante e despois do evento.
- **Kit de emerxencia:** ter dispoñible lanternas, pilas, radio, caixa de primeiros auxilios, auga portable, alimentos non perecedoiros e lista de contactos de emerxencia.

SISTEMA DE ALERTA E COMUNICACIÓN

- **Vixilancia meteorolóxica:** seguir fontes oficiais como AEMET para alertas e avisos.
- **Canles internas de comunicación:** establecer grupos de WhatsApp, correos ou radios para informar ao persoal.
- **Responsables de emerxencia:** designar un equipo que coordine as accións e comunique decisións.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN NO CENTRO DE TRABALLO

- **Asegurar portas e xanelas:** usar contraventás ou cintas adhesivas en forma de X para evitar roturas.
- **Desconectar equipos eléctricos:** para evitar cortocircuitos ou incendios.
- **Evitar zonas perigosas:** non permanecer preto de ventás, teitos liviáns ou estruturas metálicas.
- **Suspensión de actividades:** avaliar o peche temporal do centro se o risco é alto.

ACTUACIÓN DURANTE O EVENTO

- **Refuxiarse en zonas seguras:** preferiblemente interiores, lonxe de xanelas.
- **Evitar saídas innecesarias:** non tentar desprazarse durante o fenómeno.
- **Manter a calma:** seguir instrucións do equipo de emerxencia.

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN POSTERIOR

- **Inspección de danos:** avaliar a infraestrutura antes de retomar actividades.



- **Atención psicolóxica:** ofrecer apoio emocional se houbo situacións traumáticas.
- **Informe de incidentes:** documentar o ocorrido e actualizar o plan segundo aprendizaxes.

Ligazón ao [PLAN DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN FRONTE VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS.](#)



MEDIDAS PREVENTIVAS PARA CENTROS DE TRABAJO FRONTE EPISODIOS DE VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS, baseada na lei de prevención de riscos laborais, a guía de fenómenos meteorolóxicos adversos do ministerio de traballo, e protocolos de seguridade en obras e centros de traballo.

MARCO NORMATIVO E REFERENCIAS CLAVE

- [Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais:](#) considera as condicións meteorolóxicas adversas como un risco laboral que debe avaliarse e xestionarse.
- [Guía de actuación fronte Fenómenos Meteorolóxicos Adversos \(FMA\) do MITE:](#) establece criterios para identificar, avaliar e actuar fronte a riscos por vento.
- [Real Decreto-lei 8/2024:](#) introduce o permiso climático e obriga a que os convenios inclúan protocolos fronte a catástrofes e FMA.
- **Protocolos sectoriais** (construción, loxística, enerxía, etc.): recollen medidas específicas para

traballos en altura, guindastres, estadas e zonas expostas.

MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DO EPISODIO DE VENTO

AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

- **Identificar riscos:** zonas expostas, traballos en altura, elementos soltos, estruturas temporais, proximidade a arboredo ou liñas eléctricas.
- **Plan de emerxencia e autoprotección:** incluír procedementos específicos para vento forte, roteiros de evacuación seguros e puntos de reunión protexidos.
- **Consulta de avisos meteorolóxicos:** seguir boletíns de AEMET e activar protocolos segundo niveis de alerta (amarelo, laranxa, vermello).

INFRAESTRUTURA E CONTORNA

- **Asegurar elementos soltos:** retirar ou fixar materiais, ferramentas, toldos, carteis, estadas, valos e obxectos que poidan saír despedidos.
- **Revisión de estruturas:** comprobar ancoraxes de estadas, guindastres, marquesiñas, cubertas lixeiras e cerramentos provisionais.
- **Protección de instalacións:** cubrir cadros eléctricos e equipos sensibles á intemperie.
- **Control de accesos:** prever peche preventivo de zonas exteriores ou de risco.

ORGANIZACIÓN DO TRABAJO

- **Reprogramar tarefas:** suspender traballos en altura, izado de cargas con guindastre, uso de plataformas elevadoras ou manipulación de grandes superficies expostas ao vento.

- **Formación do persoal:** sobre riscos, sinais de alerta e procedementos de actuación.
- **Simulacros:** incluír escenarios de vento forte nos exercicios de emerxencia.

MEDIDAS DURANTE O EPISODIO DE VENTO

- **Suspender traballos en altura e exteriores:** cando a velocidade do vento supere os límites de seguridade establecidos por normativa ou fabricante de equipos.
- **Evacuar zonas expostas:** estadas, cubertas, plataformas, noiros, zonas arborizadas ou con risco de caída de obxectos.
- **Interromper uso de maquinaria:** guindastres, carretillas elevadoras ou equipos que poidan envorcar ou perder estabilidade.
- **Protexer ao persoal:** situalo en zonas interiores seguras, lonxe de ventás e portas exteriores.
- **Manter comunicación:** con responsables de emerxencia e autoridades; usar sistemas alternativos se hai cortes eléctricos ou de rede.
- **Respectar ordes oficiais:** de confinamento ou evacuación emitidas por Protección Civil.

MEDIDAS DESPOIS DO EPISODIO DE VENTO

AVALIACIÓN DE DANOS

- **Inspección de seguridade:** revisar estruturas, cubertas, instalacións eléctricas, liñas de servizo e accesos antes de renovar a actividade.
- **Retirada segura de entullos:** usar EPIs adecuados (casco, luvas, lentes, calzado de seguridade).
- **Control de riscos secundarios:** cables eléctricos caídos, obxectos inestables (tellas, cornisas, canalóns,...), fugas de gas ou auga.

RESTABLECEMENTO DA ACTIVIDADE

- **Autorización previa:** só renovar traballos trala verificación de que non hai riscos residuais.
- **Rexistro de incidencias:** documentar danos e medidas adoptadas para mellora continua.
- **Apoio ao persoal:** atención médica ou psicolóxica se houbo incidentes.



LISTA DE VERIFICACIÓN RÁPIDA

ANTES:

Plan de autoprotección con protocolo de vento forte.
 Avisos meteorolóxicos monitorizados.
 Elementos soltos asegurados ou retirados.
 Traballos en altura reprogramados.
 Persoal informado e formado.

DURANTE:

Suspensión de traballos en altura e uso de guindastres.
 Evacuación de zonas expostas.
 Persoal en zonas seguras interiores.
 Comunicación activa con responsables e autoridades.

DEPOIS:

Inspección de danos e riscos.
 Retirada segura de restos.
 Continuación só con autorización.
 Rexistro e análise de incidencias.

Ligazón ás **MEDIDAS PREVENTIVAS PARA CENTROS DE TRABAJO FRONTE EPISODIOS DE VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS.**



CHECKLIST PARA A PREVENCIÓN EN LUGARES DE TRABAJO FRONTE VENTOS FORTES E TEMPES- TUOSOS, adaptado ao marco normativo (LPRL, RD 486/1997 sobre lugares de traballo, RD 1627/1997 (sector construción), e guías da ITSS e INSST sobre fenómenos meteorolóxicos adversos).

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DO RISCO

- **Consulta meteorolóxica diaria:** (AEMET, alertas laranxa/vermella).
- **Definición de limiares de parada:**
 - 50 km/h: suspender traballos en altura, guindastres torre, plataformas elevadoras.
 - 70 km/h: suspender toda actividade exterior non esencial.
- **Mapa de riscos:** identificar zonas expostas (cubertas, estadas, peiraos de carga, accesos).
- **Plan de emerxencia específico:** protocolos de evacuación e refuxio en interiores seguros.
- **Designación de responsables:** para activar medidas segundo nivel de alerta.

MEDIDAS TÉCNICAS EN INSTALACIÓNS E EQUIPOS

- **Revisión estrutural** de cubertas, estadas, guindastres, marquesiñas e cerramentos.
- **Ancoraxe e fixación** de materiais soltos, ferramentas, bidóns, estadas móbiles, contedores.
- **Protección de maquinaria:** asegurar carcacas, desconectar equipos eléctricos exteriores.
- **Portas e portóns:** instalar sistemas de bloqueo para evitar golpes por refachos.

- **Zonas de carga/descarga:** suspender operacións con guindastres, carretillas ou plataformas.

ORGANIZACIÓN DO TRABAJO

- **Suspensión de traballos en altura** (tellados, torres, postes, plataformas) cando se superen limiares.
- **Reprogramación de tarefas:** priorizar interiores en días de alerta.
- **Limitación de acceso** a zonas descubertas ou expostas.
- **Rotación de persoal** para reducir exposición en exteriores.
- **Prohibición de traballos** en solitario en áreas de risco.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

- **Arnés anticaídas** con dobre ancoraxe en traballos en altura (só se o vento o permite).
- **Cascos con barboqueixo** para evitar desprendemento.
- **Protección ocular** contra po e partículas proxectadas.
- **Roupa axustada** para evitar enganches por refachos.



COMUNICACIÓN E FORMACIÓN

- **Formación específica en riscos por vento:** caída de obxectos, envorco de equipos, evacuación.
- **Protocolos de aviso:** sinal acústico ou mensaxe interna cando se active alerta meteorolóxica.
- **Cartelería temporal en accesos exteriores:** “Zona pechada por vento forte”.
- **Simulacros** de evacuación e refuxio en interiores.

PROTOCOLO DE EMERXENCIA E ACTUACIÓN

- **Refuxio inmediato** en interiores seguros ao supe-
rar limiares.
- **Evacuación ordenada** de zonas elevadas ou descubertas.
- **Primeiros auxilios:** protocolo para golpes por obxectos proxectados ou caídas.
- **Comunicación con 112** en caso de accidente grave.
- **Rexistro de incidentes** e revisión do plan tras cada episodio.

REVISIÓN E MELLORA CONTINUA

- **Inspección post-evento:** comprobar danos en instalacións, equipos e estruturas.
- **Informe de leccións aprendidas:** actualizar checklist e protocolos.
- **Participación do comité** de seguridade e saúde na revisión.

LISTA RÁPIDA DE ACTIVACIÓN (CANDO SE EMITE ALERTA AEMET)

- Consultar nivel de alerta e comunicalo a todo o persoal.
- Suspende traballos en altura e con guindastres.
- Asegurar materiais, ferramentas e maquinaria exterior.
- Pechar accesos a cubertas, estadas e zonas descubertas.
- Reorganizar tarefas en zonas interiores.
- Activar responsable de seguridade por queda.
- Preparar evacuación/refuxio en caso de empeoramento.

Ligazón ao [CHECKLIST PARA A PREVENCIÓN EN LUGARES DE TRABAJO FRONTE VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS](#)

/ Portada / Riscos específicos / Catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos



CATÁSTROFES E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS. INTRODUCCIÓN

12.01.2026 - Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Co gallo de facilitar a implementación de medidas preventivas fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos extremos nos centros de traballo e tamén co obxectivo de facilitar ás nosas delegadas e delegados sindicais documentos de referencia á hora de introducir e negociar estas medidas no marco da negociación colectiva, o Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG pon a disposición un espazo web específico no que se poderá atopar documentación de elaboración propia para consulta, descarga e impresión, documentos de interese relacionados con esta materia elaborados por distintos organismos e ministerios, Recursos na rede e Lexislación relacionada

Ligazón ao apartado [Catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos](#) da nosa páxina web.

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG.

Síntese de actividade 2025

*O traballo do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral no ano 2025 centrouse nas liñas de actuación habituais: formación, asesoramento e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral. A programación de actividades de **formación en materia de prevención de riscos laborais** acolleu actividades nos formatos presencial e de teleformación; como é habitual, a planificación de actividades realizouse tentando atender aos intereses das estruturas da CIG, tanto federativas como de ámbito comarcal ou local.*


Como complemento a estas actividades, e tendo en consideración a elevada demanda observada no ano anterior, continuamos a ofertar cursos de marcado carácter preventivo en modalidade de teleformación: prevención de riscos laborais no marco da acción sindical, a protección da saúde e a mellora das condicións de traballo, adaptación de postos, a organización da prevención: figuras preventivas, riscos psicosociais e incumprimentos das políticas de igualdade de xénero no ámbito laboral, prevención de riscos laborais no marco da acción sindical.

En total programamos e executamos 70 actividades formativas, das que 41 foron en modalidade

presencial e 29 en modalidade de teleformación; recibíronse 8.199 solicitudes de praza nalgún dos cursos ofertados (1.165 modalidade presencial e 7.034 en teleformación).



En modalidade presencial formalizaron a súa inscrición 1.165 persoas, das que 975 acadaron a cualificación de aptas; non se presentaron ou non remataron 190 persoas; agradecer o intenso traballo que realizaron as compañeiras e compañeiros das estruturas que promoveron as actividades en formato presencial, confirmando asistencia unha e outra vez, sabedores dos problemas de concorrencia que ten a formación presencial: esquecemento de datas, falta de planificación do tempo para asistir aos cursos, fuga de alumnado cara outras modalidades de formación que permiten unha mellor conciliación (pola adaptación horaria ás necesidades da persoa) e aforro de custos (evitando desprazamentos).

Para considerar os datos de matrícula nos cursos que se executaron en modalidade de teleformación é preciso ter en consideración que debido á limitación de prazas nesta modalidade, non foi




posible atender a alta demanda; a pesares de non contar cun número de prazas suficiente para atender todas ás solicitudes, da falta de destrezas dixitais de parte das persoas destinatarias da formación, e da non realización dos trámites de inscrición telemática nos prazos habilitados (na maior parte dos casos por non ter revisado o correo electrónico, método empregado para o envío de contraseñais de acceso), tramitáronse 3.586 matrículas en cursos de teleformación, das que acadaron a cualificación de aptas 3.331 persoas.

Das 46 actividades formativas programadas e realizadas en modalidade presencial, 3 foron Cursos Básicos de prevención de riscos laborais de 60 horas, nos que se matricularon 66 persoas, das que cualificaron como aptas 56; 25 cursos de formación sectorial nos que se matricularon 785 persoas, das que cualificaron como aptas 641; 6 Xornadas de sensibilización: actuacións complementarias en materia de prl dende unha perspectiva sindical, nas que se matricularon 171 persoas, das que 156 cualificaron como aptas; 6 xornadas de sensibilización de carácter intersectorial sobre diversas temáticas de interese nas que se matricularon 122 persoas, das que 122 cualificaron como aptas.




Dos 35 cursos realizados en modalidade de teleformación, realizáronse 4 Cursos Básicos de prevención de riscos laborais de 60 horas, nos que se matricularon 425 persoas das que cualificaron como aptas 379; 5 cursos monográficos de carácter intersectorial, nos que se matricularon 709 persoas das que 663 cualificaron como aptas (neste epígrafe está incluído o curso dirixido a delegados/as Prevención de riscos laborais no marco da acción sindical (20 horas) no que se matricularon 141 persoas cualificando como aptas 131); 20 cursos monográficos de carácter sectorial, específicos para aos sectores de saúde, industria e servizos, nos que se matricularon 2.452 persoas cualificando como aptas 2.289 persoas.





Das persoas que remataron a formación ofertada no ano 2025, en torno ao 27,82 % foron homes e o 72,18% mulleres, porcentaxes similares a anos anteriores. Se retrocedemos no tempo, obsérvase que a modalidade da formación non ten unha gran repercusión na porcentaxe de participación homes/mulleres. No gráfico amósanse as porcentaxes de participación no 2019, no que toda a formación foi presencial; ano 2020, no que houbo inicialmente formación presencial e na última parte do ano teleformación; ano 2021, onde só se executou formación en modalidade de teleformación; anos 2022, 2023, 2024 e 2025 no que coexistiron ao longo de todo o período de execución formación presencial e teleformación.




A procedencia do alumnado. En formación presencial realizáronse 9 actividades de formación e/ou sensibilización en Vigo, 7 en A Coruña, 5 en Compostela, 5 en Ferrol, 4 en Pontevedra, 3 en Lugo, 2 en Burela, 2 en Ribeira, 1 en A Estrada, 1 en Carballo, 1 en Vilagarcía.



Alumnado en modalidade presencial: número de actividades realizadas, persoas matriculadas e persoas que acadaron a cualificación de aptas.


Dos datos aportados nas solicitudes de inscrición da formación en modalidade de teleformación observamos, igual que o ano anterior, a deslocalización da matrícula, chegando boa parte do alumnado de pequenas localidades, Alfoz, A Gudiña, Sigrás, Moraña, Cerdedo, Bueu, Sada, Carral, Guitiriz, Baños de Molgas ..., nas que non é habitual realizar formación presencial, polo difícil que é contar cun grupo de persoas que faga viable este tipo de formación.



Os datos de procedencia do alumnado que solicitou e foi admitido na formación, poden verse no seguinte cadro; os datos, consignados na solicitude de acceso á formación, están agrupados atendendo a Estrutura comarcal e local da CIG.




Por terceira vez, ofertouse directamente á nosa afiliación un número limitado de cursos (5 cursos de carácter intersectorial sobre temas específicos relacionados coa prevención de riscos laborais e 6 cursos sectoriais); a inscrición foi realizada directamente pola persoa interesada a través dun formulario web; en case todos estes cursos foi preciso realizar unha selección, dado que as solicitudes superaron amplamente o número de prazas dispoñibles; a fin de compensar as posibles caídas na matriculación, en todos os cursos aceptouse un número de persoas con dereito a matrícula superior ás prazas dispoñibles.



Agradecer un ano mais o esforzo de compañeiras e compañeiros de distintas estruturas da CIG que traballaron na xestión do alumnado e ás persoas que participaron como docentes e titoras; grazas


a todas elas, a formación en prevención de riscos laborais obtivo resultados positivos e acreditación para 4.306 persoas traballadoras.




Nota.- A execución foi presencial entre os anos 1999 e 2019; no ano 2020 modalidade presencial ata o inicio da pandemia asociada ao covid-19, teleformación logo do inicio da pandemia; 2021, unicamente teleformación; 2022, 2023, 2024 e 2025 coexistencia de formación presencial e teleformación.

Outra das actividades de actuación prioritaria do Gabinete, é a prestación dos servizos de **asistencia técnica e asesoramento en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral** a delegados/as da CIG, Comités de Seguridade e Saúde e persoas traballadoras en xeral. O acceso fundamental a este servizo continuou a ser a través do contacto directo cos técnicos e técnicas nas oficinas dende as que asisten a todo o territorio, de forma presencial, telefónica ou a través do correo electrónico, así como da asistencia “on line” accesible dende o botón “[Asesoramento Técnico](#)” ubicado na portada da nosa web www.cigsaudelaboral.org (banner central e botón específico adicado ao asesoramento técnico).

Atendendo á tipoloxía do asesoramento, son maioritarios os casos relacionados coa solicitude de información sobre diversos temas (riscos específicos, determinación de continxencias, incapacidade temporal ou permanente, información sobre dereitos e obrigas, condicións de traballo ou lexislación,...), requirindo aproximadamente nun 55,52% dos casos atendidos, a elaboración de documentación por parte dos nosos técnicos e técnicas; do total das consultas, ao redor dun 11,85% derivaron en visita a empresa ou a Inspección de Traballo.




Ao longo do ano 2025 recibíronse consultas de todos os sectores de actividade predominando aquelas relacionadas, como vén sendo habitual, cos sectores de servizos e industria.



Destacar o labor que técnicas e técnicos do Gabinete realizan como asesoras e asesores dos nosos delegados/as nos Comités de Seguridade e Saúde, na interpretación e explicación de documentación relativa á PRL nas súas empresas, elaboración de escritos, denuncias ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ou ante Organismos como ITSS ou ISSGA, acompañando aos nosos delegados/as nas súas tarefas.

O número de asesoramentos acreditados mediante unha ficha de datos de actividade, foi de 771; o número de asesoramentos acreditados é inferior ao número real de asesoramentos, debido a que non se realiza volcado en ficha de datos de actividade das consultas con resposta inmediata que non requiren un traballo de busca e/ou estudo de información aportada pola persoa solicitante, elaboración de documentación ou visita a empresa, ITSS e outros.



As solicitudes de consulta chegaron ao noso persoal técnico fundamentalmente por dúas vías: por medio de liberados de Federacións e Comarcas que achegan o servizo ás potenciais persoas usuarias ou directamente por parte de delegados/as e traballadores/as en xeral que ou ben xa coñecen por experiencia propia o Gabinete ou que acoden a el por indicación de terceiros. Aínda que están establecidas e se empregan canles alternativas a través das cales realizar os asesoramentos, (botón de “[Asesoramento técnico](#)” da nosa web que permite realizar a consulta en calquera momento a través do envío dun formulario, correo electrónico e teléfono, solicitude de cita presencial accesible dende o espazo de asesoramento da web), o contacto directo e presencial adoita ser o xeito usual de recepción das consultas.

Para finalizar esta pequena síntese do que foi o ano 2025, temos que repasar as actividades que o Gabinete desenvolve de cara á **difusión e información en materia de PRL**. Para este fin, continuamos a traballar no mantemento e actualización da plata-

forma web www.cigsaudelaboral.org, coa revisión e incorporación diaria de contidos legislativos, documentos técnicos e de difusión propios e de fontes e organismos especializados (ISSGA, INSS, Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo, OIT, OMS, OSALAN, ...), datos estatísticos (inclúe datos actualizados de sinistralidade galegos e estatais, documentos, estudos, informes e artigos de opinión), recursos dixitais (portais, APPs, bases de datos), e temáticas específicas como risco químico, amianto ou radon.



A publicación periódica Boletín CIG Saúde Laboral chega con este ao número 64. No ano 2025 publicáronse 6 números dos que 3 corresponden ao

formato de Boletín CIG Saúde Laboral habitual, e 3 ao formato Boletín CIG Saúde Laboral. Monográfico Sector.



Nos tres números do Boletín CIG Saúde Laboral presentáronse e analizáronse temas de actualidade preventiva e social; así no Boletín Nº 59 adicado aos riscos psicosociais e saúde mental no ámbito laboral publicáronse os artigos: “Riscos psicosociais e saúde mental no traballo”, “Prevenición e xestión dos riscos psicosociais relacionados co traballo”, “Evidencia científica sobre a relación entre os riscos psicosociais e a saúde mental no lugar de traballo.”, “Datos do Estado español.”, “Carga de trastornos mentais atribuíble a factores psicosociais laborais.”, “Estado da saúde mental na empresa.”, “Detección de necesidades.”, “Estudo do Módulo especial da EPA 2020, “Accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo”. “Saúde mental no traballo (INSST)”;

o Boletín Nº 61 contou cos artigos: “Acoso psicolóxico no traballo.”, “Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para as persoas traballadoras.”, “Riscos emerxentes asociados ás novas tecnoloxías e aos novos modelos de organización do traballo.”;

no Boletín Nº 63 analizáronse os seguintes temas: “Radon nos

centros de traballo: municipios prioritarios, metodoloxía, medicións, informes de resultados.”, “Principios xerais da acción preventiva”.

No formato Boletín CIG Saúde Laboral. Monográfico Sector, adicáronse dous números do Boletín ao sector da construción (Boletín Nº 58 “Sílice cristalina respirable. Aglomerados de cuarzo: medidas preventivas en operacións de mecanizado” e Boletín Nº 62 no que se publicaron os artigos “Prevenición de riscos laborais das persoas traballadoras expostas ao amianto. Disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.”, “Proposta de modificación dos contidos do Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, para a súa obrigatoria concordancia coa Directiva Europea 2023/2668. Grupo de Traballo Amianto da CNSST.”, “Real Decreto 483/2025 de 17 de xuño polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica ás vítimas do amianto.”), e un número do Boletín dirixido ao sector das persoas traballadoras do fogar e de axuda a domicilio (Boletín Nº 60 “Novos dereitos laborais para as traballadoras ao servizo do fogar e de axuda a domicilio. (Real Decreto 893/2024 de 10 de setembro).”, “Boas prácticas preventivas no servizo doméstico.”).



Portada
Gabinete
Recursos Técnicos
Igualdade
Medio ambiente
Contacto

Novidades lexislativas:
Lima de Galicia
BOE 10/2/26 Adhesión Convenio protección maternidade
BOE 3/2/26 Violencia da saúde 2026 no

Coronavirus

Lexislación

Delegados

Actuación preventiva

Riscos específicos

Boletín CIG - Saúde Laboral

Asesoramento técnico

Portada / Riscos específicos

Risco químico

Traballos con Amianto

Catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos

Radon

Atmósferas explosivas

/ Portada / Riscos específicos / Catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos

CATÁSTROFES E FMA

MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST

CATÁSTROFES E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS. INTRODUCCIÓN
12.01.2026 - Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral
Co gallo de facilitar a implementación de medidas preventivas fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos extremos nos centros de traballo e tamén co obxectivo de facilitar ás nosas delegadas e delegados sindicais documentos de referencia á hora de introducir e negociar estas medidas no marco da negociación colectiva, o Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG pon a disposición un espazo web específico no que se poderá atopar documentación de elaboración propia para consulta, descarga e impresión, documentos de interese relacionados con esta materia elaborados por distintos organismos e ministerios, Recursos na rede e Lexislación relacionada

MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL VENTOS FORTES E TEMPESTUOSOS	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL INCENDIOS FORESTAIS E URBANOS	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL ONDAS DE CALOR E ALTAS TEMPERATURAS	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL ONDAS DE FRÍO E BAIXAS TEMPERATURAS
MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL TREMORES	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL INUNDACIÓNS E RIADAS	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL CATÁSTROFES QUÍMICAS EXTERNAS	MEIDAS PREVENTIVAS PLANS DE EMERGENCIA CHECKLIST PRL

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Depósito Legal: C428-2012

Gabinete Técnico Confederal de
Saúde Laboral. Ferrol.
Rúa Eduardo Pondal 41/43, entrecán
15403 Ferrol
Tlf: 981 359 449. Fax: 981 359 449
saudelaboral@galizacig.net

Os contidos publicados son responsabilidade exclusiva do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega e non reflicten necesariamente a opinión do órgano concedente da financiación.